

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE XANEIRO DE 2018

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á denegación da devolución do aval presentado por CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L. a favor de EMUVISSA para responder da execución das obras de urbanización do SUNP-12.LAMAS DE ABADE. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ao rexeitamento do recurso presentado por EXTRACO, CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.A., contra resolución do Consello de Administración de EMUVISSA de 31 de xaneiro de 2011 da aprobación da liquidación de obras de urbanización do Polígono 1 do SUP-2 de Cornes. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á prórroga do contrato administrativo especial para xestionar o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros que comunica o Polígono do Tambre e a rúa da Rosa e viceversa. Acórdase prorrogar o contrato asinado con Autos Grabanxa S.L para xestionar o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros que comunica o Polígono do Tambre e a rúa da Rosa polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. A prórroga non supón un incremento de custos xa que os importes xerados durante a prórroga liquidaranse no ano 2019, tal e como establece o prego de condicións.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á prórroga do contrato administrativo especial para xestionar o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros que comunica o centro de Santiago coa Peregrina e con extensións a Ponte Alvar. Acórdase prorrogar o contrato asinado con Autos Carballo para xestionar o servizo de liña de transporte entre Santiago coa Peregrina e con extensións a Ponte Alvar polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. A prórroga non supón un incremento de custos xa que os importes xerados durante a prórroga liquidaranse no ano 2019, tal e como establece o prego de condicións.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á prórroga do contrato administrativo especial para xestionar o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros que comunica o centro de Santiago con Reborido (Vilvestro). Acórdase prorrogar o contrato asinado con Hermanos Ferrín S.L. para xestionar o servizo da liña de transporte entre Santiago de Compostela e Reborido (Vilvestro) polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. A prórroga non supón un incremento de custos xa que os importes xerados durante a prórroga liquidaranse no ano 2019, tal e como establece o prego de condicións.

7.- Dar conta da corrección de erro nas bases reguladoras correspondentes á creación da listaxe municipal de propietarios de edificios residenciais implicados en actuacións para a súa rehabilitación. Dase conta.

8.- Dar conta dunha corrección de erros no punto 2 da sesión de 28.12.17, de recoñecemento extraxudicial de créditos. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta de alcaldía relativa á solicitude da cesión de uso das instalacións do complexo deportivo Fontes do Sar. Acórdase solicitarlle ao Consorcio da Cidade de Santiago a cesión gratuíta das instalacións do complexo deportivo Fontes do Sar a favor da Corporación por un prazo de trinta anos. As anteditas instalacións destinaranse á prestación dos servizos públicos municipais de promoción do deporte e lecer ou ocupación do tempo libre.